

Bloque

Coirós

por
galiza

novembro 2011.

Especial Eleccións Xerais 2011

O labor do BNG no Congreso, útil para Coirós

O candidato do BNG ás eleccións xerais pola Coruña, Francisco Jorquera, levou ao Congreso as reivindicacións da veciñanza de Coirós como a seguridade viaria na N-VI en todo o noso concello e sinaladamente no perigoso cruce de Colantres. O BNG foi o único grupo que mantivo a mesma postura en Madrid, en Santiago e en Coirós, na defensa dos problemas dos veciños e veciñas.

O labor do BNG é útil para que Galiza conte e teña peso na política do Estado, para



Pura Ferreño e Francisco Jorquera

que teñamos unha representación que asegure a defensa dos intereses dos veciños e veciñas. A atención aos intereses dos galegos e galegas non depende da existencia ou non de "governos amigos en Madrid". Depende de ter voz e forza para influír na política estatal e isto só o pode asegurar o BNG como avala a nosa traxectoria política no Parlamento do Estado.

Cada vez máis persoas estamos descontentas coas políticas

públicas que se están demostrando ineficaces para saírmos da crise e inxustas desde o punto de vista social, cos incumprimentos do Estado en Galiza e coa desatención a cuestións que afectan a intereses de grande importancia para o noso país e para a nosa cidade. Esta situación só se pode cambiar participando. Non serve de nada exteriorizar o malestar se non se participa para propiciar que muden as cousas.

O BNG demostrouse útil para defender unha saída social á crise, para impulsar políticas ao servizo das maiorías sociais, que prioricen a defensa do estado do benestar. É posíbel outra saída da crise, unha saída que aposte por un novo modelo centrado no apoio á economía produtiva e a xeración de emprego.

Apoiar ao BNG ten un dobre valor. Asegura a defensa dunha orientación progresista nas políticas do Estado e ademais asegura que os galegos e as galegas teñamos voz e peso político.

MITIN EN COIRÓS

Mesón Santamariña

Mércores 9 de novembro, 20:30h

**Con Pura Ferreño, Ana Luísa Bouza (deputada)
e Antón Sánchez (candidato ao Senado)**

